



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Procedemento
Código SIA
Expediente: PLN/2022/16
Trámite

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

No Salón de Sesións do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión ás dezanove horas e trinta e catro minutos.

1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 28.09.2022 (2022-0014). - Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria realizada polo Pleno con data 28.09.2022 para os efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 91.1º do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Non suscitándose debate ningún e non formulándose alegación ou observación ningunha, en votación ordinaria, aprobouse polo voto favorable dos membros asistentes ás mesmas.

Antes de iniciar o exame do punto seguinte da orde do día, o voceiro do grupo municipal PSOE sinala que non constan na páxina web do concello as actas de Pleno e Xunta de Goberno Local.

A secretaria agradece a advertencia para os efectos da inmediata emenda.

2º.- ACENDA.- EXPEDIENTE 869/2022. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13.- Dáse inicio ao exame deste punto da orde do día elevado á consideración da Comisión de Facenda, Persoal e Participación Cidadá en sesión ordinaria realizada con data 20.10.2022 no que se adoptou o seguinte ditame:

“...
“...

Rematadas as intervencións, sométese a votación a proposta da Concellería de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, de acordo de modificación parcial e texto consolidado da Ordenanza fiscal nº 13, reguladora da taxa pola prestación dos servizos da Escola de Educación Infantil As Lagoas, que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 869/2022, e a comisión informativa por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE), 4 votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN) e 1 abstención (1 BNG), acorda ditaminar favorablemente a citada proposta, adoptando en consecuencia os seguintes acordos:

Primeiro. Prestar aprobación inicial á modificación dos artigos 5, 6, 7 e 8 e eliminación da Disposición transitoria e texto refundido resultante da OF n.º 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de Escola de Educación Infantil As Lagoas segundo proposta desta concellería delegada de 31 de agosto de 2022.

Segundo.- Proceder á apertura dunha fase de información pública durante trinta días hábiles mediante a publicación de anuncio no BOP, Espazo de Participación cidadá na elaboración normativa da páxina web do concello





Concello de Mugardos
(A Coruña)

(<https://mugardos.gal/es/participacion-ciudadana-en-la-elaboracion-normativa/#1590311638036-ea7233d644fe>), no Portal de Transparencia do concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/d77c0a0a-0f27-49e1-9060-82c76ea5b882/>), e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/board/97521486-f59b-11de-b600-00237da12c6a/>), prazo durante o cal as persoas interesadas poderán presentar cantas reclamacións ou alegacións estimen por oportunas.

De non presentarse suxencia, reclamación ou alegación ningunhas, o acordo ate entón provisional quedará elevado automaticamente á categoría de definitivo, levándose a cabo a publicación do texto modificado consolidado da OF n.º 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de Escola de Educación Infantil As Lagoas no BOP de A Coruña, entrando en vigor a partir do día seguinte ao de tal publicación.

Contra o acordo así adoptado poderán as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal superior de Xustiza de Galicia nos termos do artigo 10.1º.b) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa e artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

Toma a palabra o concelleiro delegado de área quen da conta dos antecedentes do expediente e motivación da modificación que se está a tramitar.

Non formulándose debate ningún, en votación ordinaria, por oito votos a favor (5 PP+3 PSdG-PSOE), catro en contra (EU-SON EN COMUN) e 1 abstención (BNG), de conformidade co establecido no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

Primeiro: Prestar aprobación inicial á modificación dos artigos 5, 6, 7 e 8 e eliminación da Disposición transitoria e texto refundido resultante da OF n.º 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de Escola de Educación Infantil As Lagoas segundo proposta desta concellería delegada de 31 de agosto de 2022.

Segundo.- Proceder á apertura dunha fase de información pública durante trinta días hábiles mediante a publicación de anuncio no BOP, Espazo de Participación cidadá na elaboración normativa da páxina web do concello

(<https://mugardos.gal/es/participacion-ciudadana-en-la-elaboracion-normativa/#1590311638036-ea7233d644fe>), no Portal de Transparencia do concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/d77c0a0a-0f27-49e1-9060-82c76ea5b882/>), e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do





Concello de Mugardos
(A Coruña)

concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/board/97521486-f59b-11de-b600-00237da12c6a/>), prazo durante o cal as persoas interesadas poderán presentar cantas reclamacións ou alegacións estimen por oportunas.

De non presentarse suxencia, reclamación ou alegación ningunhas, o acordo ate entón provisional quedará elevado automaticamente á categoría de definitivo, levándose a cabo a publicación do texto modificado consolidado da OF n.º 13 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de Escola de Educación Infantil As Lagoas no BOP de A Coruña, entrando en vigor a partir do día seguinte ao de tal publicación.

Contra o acordo así adoptado poderán as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal superior de Xustiza de Galicia nos termos do artigo 10.1º.b) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa e artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

3º.- BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE.- EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS.- Expediente elevado á consideración da comisión informativa de Benestar Social e Igualdade en sesión ordinaria realizada con data 20.10.2022 no que se adoptou ditame cos seguintes pronunciamentos:

“... ”

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á modificación dos artigos 5, 6, e eliminación da Disposición transitoria e texto refundido resultante do RRI da EIM As Lagoas segundo proposta da concelleira delegada de Benestar Social do 31 de agosto de 2022.

Segundo.- Proceder á apertura dunha fase de información pública durante trinta días hábiles mediante a publicación de anuncio no BOP, Espazo de Participación cidadá na elaboración normativa da páxina web do concello (<https://mugardos.gal/es/participacion-ciudadana-en-la-elaboracion-normativa/#1590311638036-ea7233d6-44fe>), no Portal de Transparencia do concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparency/d77c0a0a-0f27-49e1-9060-82c76ea5b882/>), e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/board/97521486-f59b-11de-b600-00237da12c6a/>), prazo durante o cal as persoas interesadas poderán presentar cantas reclamacións ou alegacións estimen por oportunas.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

De non presentarse suxerencia, reclamación ou alegación ningunhas, o acordo ate entonces provisional quedará elevado automaticamente á categoría de definitivo, levándose a cabo a publicación do texto modificado consolidado do RRI da EIM As Lagoas no BOP de A Coruña, sen que entre en vigor ata que teña transcorrido o prazo de quince días hábiles dende a súa remisión aos órganos competentes do Estado da Xunta de Galicia de conformidade co establecido nos artigos 70.2º e 65.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Contra o acordo así adoptado poderán as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal superior de Xustiza de Galicia nos termos do artigo 10.1º.b) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa e 112.3º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Inicia o exame deste punto da orde do día o Alcalde indicando que a motivación da modificación presente é a mesma que a xa explicada no punto anterior.

Non formulándose debate ningún, en votación ordinaria, por oito votos a favor (5 PP+3 PSdG-PSOE), catro en contra (EU-SON EN COMUN) e 1 abstención (BNG), de conformidade co establecido no art. 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o Pleno adoptou o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Prestar aprobación inicial á modificación dos artigos 5, 6, e eliminación da Disposición transitoria e texto refundido resultante do RRI da EIM As Lagoas segundo proposta da concelleira delegada de Benestar Social do 31 de agosto de 2022.

Segundo.- Proceder á apertura dunha fase de información pública durante trinta días hábiles mediante a publicación de anuncio no BOP, Espazo de Participación cidadá na elaboración normativa da páxina web do concello (<https://mugardos.gal/es/participacion-ciudadana-en-la-elaboracion-normativa/>), no Portal de Transparencia do concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/transparencia/d77c0a0a-0f27-49e1-9060-82c76ea5b882/>), e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello (<https://mugardos.sedelectronica.gal/board/97521486-f59b-11de-b600-00237da12c6a/>), prazo durante o cal as persoas interesadas poderán presentar cantas reclamacións ou alegacións estimen por oportunas.

De non presentarse suxerencia, reclamación ou alegación ningunhas, o acordo ate entonces provisional quedará elevado automaticamente á categoría de definitivo, levándose a cabo a publicación do texto modificado consolidado do RRI da EIM As Lagoas no BOP de A Coruña, sen que entre en vigor ata que teña transcorrido o prazo de quince días hábiles dende a súa remisión aos órganos competentes do





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Estado da Xunta de Galicia de conformidade co establecido nos artigos 70.2º e 65.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Contra o acordo así adoptado poderán as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal superior de Xustiza de Galicia nos termos do artigo 10.1º.b) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa e 112.3º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 2081/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (PREMADECOR).- Expediente elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá con data 20.10.1022 no que se adoptou ditame do que se deixa constancia extractada do seu contido conforme ao art. 93 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais:

“...
“

Primeiro. - Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

Segundo. - Encomendar na Deputación da Coruña por delegación todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

“BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.
2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.
3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos





Concello de Mugardos
(A Coruña)

administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.

4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.

5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedemento de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.

2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.

3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.

4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello delegante para que proceda ao seu informe e aprobación,

5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR.

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicárase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade co disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.

2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.





Concello de Mugar dos
(A Coruña)

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.”

Inicia este punto da orde do día o concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá dando lectura á declaración institucional de compromiso na loita contra o fraude e a corrupción:

“No marco da xestión e execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, o Concello de Mugar dos manifesta publicamente o seu compromiso ao máis alto nivel posible no estrito cumprimento das normas xurídicas e de carácter ético, así coma a súa total adhesión aos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade oposta ao fraude e á corrupción sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con esta administración.

As persoas que exercen cargos representativos na Corporación, así como todo o persoal ao servizo da Corporación, teñen o compromiso de velar sempre polos intereses xerais, con suxeición á Constitución, ao Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico, actuando en todo momento de acordo cos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e medioambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes.

Coa presente declaración preténdese promover dentro da organización unha cultura ética que non dea lugar a condutas ou actividades fraudulentas e que faga máis doada a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos casos que se detecten.

Para acadar o obxectivo exposto, logo de que o Pleno aprobe a súa adhesión e unha vez que polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña se aprobe a aceptación da delegación de competencias do Concello de Mugar dos, e sexa publicada no Boletín Oficial da Provincia, a súa aplicación, pleno coñecemento e divulgación, asentarase sobre os piares que se recollen no Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), aprobado pola Deputación Provincial da Coruña na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2022, e que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 125 de 4 de xullo de 2022.

En resumo: O Concello de Mugar dos e as persoas que exercen cargos representativos ou prestan servizos para a mesma quedan comprometidos cos principios expostos e asumen a obriga de colaborar en todo momento para conseguir a plena eficacia das





Concello de Mugardos
(A Coruña)

medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se establecen no citado Plan.”

Non formulándose debate ningún, o Pleno do concello de Mugardos, polo voto unánime dos seus trece concelleiros/as, de conformidade coa normativa de referencia e o disposto no art. 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local adoptou o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. - Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

Segundo. - Encomendar na Deputación da Coruña por delegación todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

“BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.
2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.
3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.
4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.
5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedemento de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación





Concello de Mugardos
(A Coruña)

de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firmes de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.

2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.

3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.

4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello delegante para que proceda ao seu informe e aprobación,

5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR.

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicárase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade co disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.

2. Concluídas as actuacións previas, no casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.”

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de a Coruña para os efectos da tramitación da efectiva adhesión.

5º.- FACENDA.- EXPEDIENTE 261/2022. RECLAMACIÓN LIQUIDACIÓN IAE 2021 REGASIFICADORA DEL NOROESTE. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DE RESOLUCIÓN EXTRAJUDICIAL QUE POÑA FIN AO PROCEDIMENTO NÚM. 244/2021, ABERTO NO XULGADO





Concello de Mugardos
(A Coruña)

CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE FERROL. Elévase á consideración do Pleno o expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona previamente incluído na orde do día da sesión ordinaria realizada con data 23 de xuño de 2022. Consta achegado ao expediente dende dita data:

- Ditame xurídico emitido con data 17 de outubro de 2022 polo abogado Cristóbal Pintado González que ten encomendada a defensa e asistencia letrada do concello no procedemento núm. 244/2021 aberto ante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Ferrol, (número rexistro de entrada 2022-E-RE-1879, de 17 de outubro de 2022.
- Informe de secretaría de 18 de outubro de 2022.
- Dación de conta realizada na sesión da Xunta de Portavoces desenvolvida con data 19 de outubro de 2022.

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

Argemino Varela Filgueiras, portavoz BNG. Inicia o debate e a quenda de intervencións. Sinala que o asunto xa se ten sometido a exame en distintas sesións de órganos colexiados no que o seu grupo mantivo unha abstención reservando o seu voto para o Pleno considerando que a posición de Reganosa implica unha deslealdade para todas as corporacións que sempre apoiaron as instalacións e a súa actividade. Do problema deron traslado ao Parlamento de Galicia a través do seu deputado comarcal sen que obtivesen reposta. Comprende a preocupación xeral máxime trasl do ditame do abogado do concello sobre a responsabilidade que poda ser asumida por un voto en contra do acordo e o xuízo remata cunha sentenza que estime as pretensións de Reganosa. E por elo solicita se emita informe por parte de secretaría sobre a responsabilidade persoal e patrimonial nun dobre sentido, recollendo ao igual a alternativa dun voto a favor e posterior denuncia por parte de particular ou empresa por deixar de cobrar en ter unha sentenza condenatoria ou cos que se absteñan ante este convenio ou calquera outro futuro. Fai un repaso dos distintos informes achegados ao expediente e o seu contido e pregunta por qué non se recorreu no seu momento a resolución do TEAC. Adianta que o seu partido ven de presentar unha proposición non de lei de xeito que demande do goberno do Estado para que faga as modificacións necesarias de forma que pase a pagar o mesmo que antes da Resolución TEAC. E por todo elo solicita que o asunto quede





Concello de Mugardos
(A Coruña)

sobre a mesa en tanto non se emita informe de secretaría.

Alcalde. sinala que se trata dunha pregunta que ten o seu interese e ten outra respecto a qué se fai cando os concelleiros/as poñen en perigo as contas do concello e sen van a pedir as mesmas responsabilidades. E comparte o fondo da cuestión máis quere compartir esta reflexión. En canto as dúbidas pola responsabilidades. O abogado veu para dar cumprimento a compromiso en xunta de portavoces e para dar luz sobre as dúbidas xurdidas. Nestes 15 días non se teñen presentado nin preguntas nin formulado chamadas polo que non considera que existan dúbidas. E ninguén ten preguntado e a responsabilidade é diaria. Os informes están emitidos e considera que non procede emitir este informe que se ten solicitado. Teñen pasado 15 días sen preguntar e pensa que o que se quere facer é dilatar a toma de decisión e cada mes lembra lle costa ao concello 15.000 euros en xuros. É un problema individual e existen xa informes claros. E o ditame e proposta de acordo responde á negociación realizada durante meses. Os riscos de perder o xuízo son elevadísimas e por tanto de perder unha posición preferente xa que se xa sen negociou sen éxito que se deixase todo o diñeiro sen efecto (toda a posible débeda).E esta responsabilidade é repartida entre todos/as concelleiros deste pleno e insiste que houbo tempo suficiente e se se coñecen cales son os mecanismos que ten o ROM para solicitar informe de secretaría. Se ten que vir ao pleno cos temas estudados reitera que o expediente está completo.

Dáse lectura ao artigo 41 do ROM respecto da forma de proceder coa petición de deixar sobre a mesa o debate e votación do asunto.

O voceiro do grupo municipal BNG volve a indicar que non dubida da legalidade da proposta máis insiste en que se solicite un informe a secretaría e en tanto que quede sobre a mesa.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz PSOE. Se poñen na posición dos veciños e como partido fixeron unhas propostas que a empresa considerou como válidas e do que se trata e de chegar a un acordo. E a súa sorpresa é que se volva a traer a mesma proposta á consideración do Pleno . Pregunta por qué o ditame do avogado non se achegou no momento da convocatoria da Xunta de Portavoces. E como non están de acordo hoxe pola maña teñen presentado unha solicitude de aclaración respecto da convocatoria e achega á Xunta de Portavoces do ditame e que se aclare o sentido da responsabilidade que se asume e o réxime de maiorías da adopción do acordo polo pleno e considera importante que se siga negociando e que quede sobre a mesa.

Alcalde: é evidente que o ditame non existía no momento da convocatoria e o que se está a castigar é a transparencia. O avogado non ten obriga ningunha de vira





Concello de Mugardos
(A Coruña)

expor o seu criterio ao Concello e pese a elo acude para dar claridade e para non ter que apuntar se deixa tamén por escrito. Máis resalta que non hai obriga ningunha de achegar o ditame do avogado e consideraron imporante que viñese por que estivo presente na negociación e foi o propio avogado o que considerou que non é viable realizar cambios no texto do acordo. Hoxe hai dúbidas máis non nos 15 días anteriores. Non ten inconveniente en que se vote e se emita o informe máis existe un procedemento para cumprir.

Debate:

Segunda quenda de intervencións:

Argemino Varela Filgueiras, portavoz BNG. Non hai informe ningún que diga que hai que devolver máis sí un de secretaría que indicaba que non procede a devolución de ingresos. E sí informes da posibilidade de chegar a un acordo. Se existe unha responsabilidade patrimonial por votar en contra, se se vota a favor e se vai a compesar preto de 700.000 euros, pregunta se non hai tamén responsabilidade. Por que se votou sen que existise unha sentenza que condenase ao concello, polo que reitera a súa petición de que quede sobre a mesa.

Ignacio Fernández Fernández. A actitude do Alcalde non é a adecuada e indica que non se pode dilatar un acordo máis el mesmo non é capaz de chegar a acordo ningún e por iso tamén terá que sumar a súa parte de responsabilidade. Falaron con Reganosa e lles da conformidade para efectuar cambios na proposta de acordo para permitir a amortización total en calquera momento e por outra banda sacar a inversión de rehabilitación para o cine Zárate para facelo noutro convenio aparte unha vez asinado o convenio económico. Indica que Reganosa está moi de acordo e lles parece moi ben facer un convenio aparte co Zárate de colaboración cultural. Polo que considera que a posición inmovilista é do Alcalde. E non está sendo competente para poder chegar a acordos. E lle consta que REGANOSA remite ao concello a súa proposta e non se contestou. Así que tamén existe unha responsabilidade en chegar a un acordo cando as propostas son viables.

José Miguel Mahía, concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación cidadá. Se trae unha solución e pese a elo se imputa un inmovilismo do alcalde. O avogado o dixo ben claro. Compensación a 0 e 1.500.000 de euros. Esa foi a proposta inicial para negociar. E o que se consegue por que considera que é un tema xurídico, é o que se eleva a aprobación de pleno. É un problema de fai doce anos que agora lle toca ao concello resolver e é AEAT quen realiza o cambio do epígrafe





Concello de Mugardos
(A Coruña)

IAE e efectivamente hai un informe de secretaria emitido antes de que se realizase un cambio censual. Cando chegou o comunidado pola AEAT se trasladou ao igual que as propostas do PSOE. Insiste en que é un tema xurídico. E pasa a relatar os informes emitidos. E se ninguén dubida da legalidade non comprende por que se dubida da responsabilidade xa que hai o pronunciamiento de seis habilitados e do avogado do concello. Cando chegou a carta de Hacienda se tivo que empezar a negociar. Que a solución non guste é unha cuestión de oportunidade. A postura do grupo municipal PP é que non quede sobre a mesa. Xa que están tranquilos. E non vai deixar que un acordo en Pleno empañe a súa carreira profesional.

Rematado o debate se procede de conformidade co establecido no art. 41 ROM a someter a votación a petición realizada de deixar sobre a mesa o asunto en tanto non se emita o informe solicitado a secretaría e , en votación ordinaria por catro votos a favor (3 PSdG-PSOE, 1 BNG), 4 abstencións (EU-SON EN COMÚN) e cinco votos en contra (PP), queda rexeitada a petición formulada.

A continuación, procédese a someter a votación ordinaria a proposta de acordo ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá en sesión realizada con data 6 de xuño de 2022, e por cinco votos a favor (PP), cinco votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG) e tres abstencións (PSdG-PSOE), non se acada a maioría absoluta requirida segundo informe emitido por secretaría en data 18 de outubro de 2022, para os efectos da aprobación da proposta de acordo.

6º.- FACENDA.- EXPEDIENTE 2381/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL PP, DE ADHESIÓN AO MANIFESTO POLA PESCA, O MARISQUEO, A ACUICULTURA E A CADEA MAR-INDUSTRIA EUROPEAS PROMOVIDO POLA XUNTA DE GALICIA. Consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 2381/2022, ditame adoptado pola Comisión informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de 20 de outubro de 2022:

“...

A presidenta explica que a proposta que se trae é unha adhesión ao manifesto que saca a Xunta de Galicia, de apoio á pesca. Di ademáis, que hai que destacar que todos os grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia adhírense e participan na mobilización que tivo lugar en Ribeira, e á que asistiu o Concello de Mugardos representado polo concelleiro Miguel Mahía.

Ábrese unha quenda de intervencións:

1
4

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4



Cod. Validación: 42XDMSM5C47TZLMM3XJ97GYXP | Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 25



Concello de Mugardos
(A Coruña)

O Sr. Argemino di que efectivamente se sumarán ao manifesto, que entenden que ésta é unha decisión inxusta e arbitraria que prexudica a Galicia, que é increíble que Galicia non teña nin voz nin voto coa frota pesqueira que ten, polo que entenden que hai que defender a frota pesqueira galega en todos os testamentos, e polo tanto sumaranse ao manifesto.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a proposta do grupo municipal do PP, de adhesión ao Manifesto pola pesca, o marisqueo, a acuicultura e a cadea mar-industria europeas promovido pola Xunta de Galicia, que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 2381/2022, e a comisión informativa por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a citada proposta co seguinte texto:
“...





Concello de Mugardos
(A Coruña)

MANIFESTO

Pola pesca, o marisqueo, a acuicultura e a cadea mar-industria europeas

As organizacións públicas e privadas asinantes, de cara ao futuro informe da Comisión sobre a aplicación da Política Pesqueira Común (PPC) da Unión Europea en 2023, e ante a anunciada intención da Comisión de non propoñer ningunha mellora nesta política, desexan manifestar o seguinte:

A pesca, a pesca artesanal en particular, o marisqueo, a acuicultura mariña e toda a cadea mar-industria constitúen unha fonte fundamental de alimento de recoñecido valor nutritivo, que contribúen á soberanía e seguridade alimentaria europea xunto coa agricultura e a gandería. Debe mencionarse tamén a acuicultura, unha actividade sostible, con gran capacidade de xeración de proteína mariña e de incuestionable relevancia en Europa.

Ademais, a proteína de orixe mariña, de acordo coa máis recente evidencia científica, ten de media unha pegada de carbono máis reducida que a da maioría de sistemas de produción de alimento, e o seu impacto sobre a biodiversidade é tamén xeralmente menor que outras actividades de produción de alimentos en terra. Por iso estamos convencidos de que os produtos mariños están chamados a xogar un papel cruce na soberanía e seguridade alimentaria europea e mundial no contexto do cambio climático.

Aínda que o peso económico desta actividade pode parecer reducido no conxunto da economía da UE, é fundamental nas rexións costeiras europeas, principalmente rurais e eminentemente periféricas, onde constitúe un elemento imprescindible na xeración de riqueza e emprego, e por conseguinte





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

na fixación das poboacións no seu territorio. Por todo iso vemos con crecente preocupación como a actividade pesqueira está a ser progresivamente acantoadada en beneficio doutros obxectivos como o desenvolvemento enerxético e, en particular, polos relacionados coa conservación do medio ambiente. Aínda que os actores da cadea pesqueira teñen defendido e defenderán sempre ambas cuestións -non en balde na conservación dos hábitats mariños e dos recursos pesqueiros xóganse o seu medio de vida- tamén defenden e reivindicán a protección dunha actividade que non pode ser sinalada como parte do problema senón da solución.

A PPC foi modificada tres veces na súa historia, e en cada unha destas reformas introducíronse importantes melloras, sempre propostas e lideradas pola propia Comisión. Estamos convencidos de que debemos manter sempre a nosa ambición de lograr unha PPC aínda máis efectiva, así como adaptada aos novos retos. Iso supón plantexarse, de maneira clara e transparente, se a actual PPC, tal como quedou redeseñada en 2013, está a cumprir eficazmente os seus obxectivos. E se non é así, consideramos vital avaliar se as carencias da política actual son debidas a falta de aplicación ou á necesidade de mellorar o seu deseño e os seus instrumentos. Sabemos, por exemplo, que a prohibición de descartar non se está cumprindo de maneira efectiva, e iso non se debe a falla de vontade de cumprila, senón a que as súas condicións específicas están mal adaptadas ao mundo real. Tamén sabemos que os mozos europeos xa non queren traballar na pesca, o que está a producir un grave problema de falla de substitución xeracional nas nosas frota. A efectos dunha mellor conciliación, son necesarias medidas de mellora na habitabilidade dos buques de pesca. Esiximos que estas cuestións, entre outras, sexan obxecto dunha avaliación profunda sobre as súas causas e as súas posibles solucións no marco da PPC. Porque a nós si nos importa a pesca, e non nos conformamos con mirar para outro lado ante os seus problemas.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Igualmente necesitamos avaliar se a actual PPC está plenamente preparada para responder aos novos retos que lle afectan, como as consecuencias do Brexit e, sobre todo, do impacto do cambio climático e o Pacto Verde europeo. Todos queremos unhas frota pesqueiras neutras en carbono antes de 2050 e, ademais, unhas frota de alta seguridade e confort a bordo, capaces de aproveitar capturas non desexadas e de reciclar os seus residuos, así como de atraer aos mozos ao sector. Pensamos por iso que a PPC debería revisar se a súa política estrutural e a súa política de frota nos proporciona hoxe os instrumentos necesarios para construír unha futura frota pesqueira que responda a esas ambicións, que sen dúbida todos compartimos. A industria da pesca quere ser e seguir sendo o que hoxe é: parte da solución ao cambio climático, non parte do problema. Pero para iso necesita os instrumentos adecuados, e a Comisión ten a abrigo de revisar, sen medo e sen tabús, se os instrumentos actuais son os máis apropiados e efectivos para lograr eses obxectivos.

Tamén estimamos vital a discusión sobre os límites entre a política pesqueira e a ambiental. Ambas deben ser aliñadas, sen que unha prevaleza sobre a outra. Con todo, preocúpanos observar como a política ambiental vai aos poucos imponéndose á pesqueira. O caso recente da proposta de establecer 94 áreas sensibles na fachada atlántica mediante un Acto Delegado, no que a industria pesqueira apenas foi consultada, constitúe un exemplo do que non se debe facer. Por suposto, estamos de acordo no obxectivo de preservar os nosos ecosistemas. Ninguén desexa máis un medio mariño san e produtivo que o sector que depende dos seus recursos. Pero a conservación do ambiente mariño non se pode facer en detrimento da produción sostible da mellor proteína do mundo, da que ademais somos altamente deficitarios. Manifestamos que a conservación ambiental e a política pesqueira deben ir da man, buscando puntos de encontro entre os diferentes actores, pero tendo





Concello de Mugardos
(A Coruña)

sempre en conta os lexítimos intereses do conxunto do sector pesqueiro dentro dos obxectivos da PPC. Ademais, débese ter en conta a opinión de todas as organizacións sociais e cívicas que poidan ter algún interese na materia, pero sempre tendo en conta o seu peso e a súa representación para a toma de decisións.

Queremos lembrar, igualmente, que a tráxica invasión de Ucraína está a poñer de manifesto a importancia crucial que ten para Europa a súa autonomía alimentaria. E que esta constitúe un obxectivo esencial da Unión, xa desde 1958. Queremos, por iso, que a PPC constitúa con claridade un instrumento eficiente para asegurar a subministración sostible, suficiente e competitivo de produtos mariños para os consumidores europeos, verdadeiro obxectivo básico do Artigo 39 do Tratado. A Comisión, como gardiá do Tratado, ten a obriga inescusable de traballar para lograr eses obxectivos, e non para outros obxectivos alternativos propostos por partes interesadas sen lexitimidade democrática e cunha base societaria inconcreta. Por último, non hai que esquecer que a pesca é unha das 5 únicas competencias exclusivas da UE e que, por iso, é unha área na que a UE non pode permitirse o luxo de fallar e decepcionar ás rexións pesqueiras europeas.

Esiximos que a Comisión europea continúe defendendo ao conxunto do seu sector pesqueiro contra quen quere acantoala con intereses pouco transparentes, e que manteña sempre a ambición de mellorar a política pesqueira e de facela máis eficiente na consecución dos seus obxectivos. Non queremos menos ambición na política pesqueira nin na ambiental. Pero si queremos instrumentos eficientes e aplicables no mundo real, así como unha verdadeira cohabitación pacífica entre ambas as políticas. Esiximos, en definitiva, que se cumpran os obxectivos do Artigo 39 do Tratado. Finalmente, os asinantes deste manifesto convidamos a todas aquelas organizacións públicas ou privadas que cren na importancia crucial da produción sostible e eficiente de proteína de orixe mariña, a que se sumen como asinantes a este manifesto.

...”.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

José Miguel Mahía Prados concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. Explica que se trata dun manifesto apoiado por distintos actores e considera que o idóneo é que se asuma por todos os grupos políticos da corporación.

Non formulándose debate ningún, en votación ordinaria por trece votos a favor sendo este o seu número total de concelleiros/as, o Pleno ao abeiro do establecido no artigo 25.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo:**

Primeiro.- Prestar aprobación ao manifesto pola pesca, o marisqueo, a acuicultura e a cadea mar-industria europeas promovido pola Xunta de Galicia.

7º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN Á SANIDADE PÚBLICA. Elévase á consideración do Pleno a moción presentada con data 29 de setembro de 2022, número rexistro de entrada 2022-E-RPLN-19:

“...

A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PACS, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria á poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a una situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Para facer fronte a esta situación, o Pleno do Concello de Mugardos,

ACORDA:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organización sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende: que o Parlamento Galego, debata e aprobé una serie de medidas:

- . Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.
- . Fixar uns mínimos, na disponibilidad de centros e persoal por habitante, para salvaguardar a calidade da atención aos pacientes.
- . Acabar coa inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, una convocatoria anual de prazas .
- . Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos.
- . Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc. , para desmedicalizar a atención e ofrecer una asistencia integrada.
- . Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotalas de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.
- . Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.
- . Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.

Todas estas medidas, recollidas na ILP, deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar coas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Por este motivo acordamos, ademais de apoiar a ILP, colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter una Atención Primaria de Calidade.”

2

1

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4



Cod. Validación: 42XDMSM5C47ZLMM3XJ97GYXP | Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 25



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

Argemino Varela Filgueiras, portavoz BNG. Explica que se trata dunha iniciativa de SOS sanidade pública e de Orballo con sede no concello e da lectura ao texto da moción presentada.

Non subscitándose debate ningún, en votación ordinaria, por oito votos a favor (4 EU-SON EN COMUN, 3 PSdG-PSOE e 1BNG) e cinco abstencións (PP), o Pleno de conformidade co establecido no artigo 25.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, acordou:

Primeiro.- Ademais de apoiar a ILP, colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter una Atención Primaria de Calidade

8º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES.

Non se formulan.

9º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES. Por parte de secretaría dáse lectura á dilixencia asinada con data 20 de outubro de 2022: ““EXPEDIENTE 276/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0662 acordouse ordenar o pagamento das relacións contables de facturas F/2022/1, F/2022/5 e F/2022/8.

EXPEDIENTE 2100/2021. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES). ANUALIDADE 2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Deputación Provincial de A Coruña a documentación xustificativa relativa ao convenio de colaboración para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES-2022).”

EXPEDIENTE 555/2022. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES MUNICIPAIS: APROBACIÓN INICIAL. Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse no Boletín Oficial da Provincia no taboleiro de anuncios do Concello dispoñible no portal de internet

2
2





Concello de Mugardos
(A Coruña)

<https://mugardos.gal/es/>, na sección de Transparencia anuncio de apertura da fase de información pública da modificación do Regulamento dos comedores escolares municipais e no espazo de participación na elaboración de normativa da páxina web do Concello.

EXPEDIENTE 1776/2022. CALENDARIO LABORAL 2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse certificación do acordo adoptado á Xefa de sección do SMAC da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

EXPEDIENTE 1912/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 05/2022. Uniuse certificación do acordo ao expediente e publicouse anuncio de información pública no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, estando o expediente a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello, e sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, constando certificación de secretaría comprensiva de tal extremo.

EXPEDIENTE 1919/2022. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 02/2022. Uniuse certificación do acordo ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0876 acordouse ordenar o pagamento da relación contable de facturas F/2022/20.”.

10º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2022-0892 AO 2022-0988.

Non se realiza pregunta ou aclaración ningunha.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos

Argemino Varela Filgueiras formula un rogo para que se coloque ben unha tapa do rexistro en A Xesteira de fora que fai ruído ao pasar os vehículos.

Jorge Kuntz Peiteado, concelleiro delegado de Obras, Servizos e TICs resposta que xa se trasladou máis considera que volverá a sairse do seu sitio e por tanto se volverá a ordear.

Preguntas

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE (reprodúcense segundo escrito presentado con data 25 de outubro de 2022 , número rexistro entrada 2022-E-RPLN-21):





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Pregunta para el Alcalde: “Según el Gobierno municipal cuales son las causas por las que la crisis del covid y la subida de precios producida por los efectos de la guerra de Ucrania han afectado más a Mugardos que a otros Ayuntamientos de nuestro entorno como Ares, Valdoviño, Cedeira, Pontedeume, etc...”

Resposta o concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. A partir dos datos da Plataforma de Contratos da que toma a información, pon exemplos de concellos como Culleredo, A Coruña, Mancomunidade de Ferrol, e pon o número de expedientes tramitados que en Mugardos son 21 segundo o perfil do contratante e detalla cales son para ver a porcentaxe respecto dos licitados por outros concellos citados polo grupo municipal que formula a pregunta. E se para no vehículo da policía local. Está xa licitada e da lectura a acta da Mesa de Contratación que se reflicte na resolución da adxudicación do aluguer xa vixente. Tamén é certo que se están licitando cousas que o mellor xa tiñan ao día estes concellos.

- Pregunta para o concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá: os datos os coñece pero debe terse en conta os datos do ano pasado para facer esa comparativo. E respecto do vehículo da policía local da conta de distintos concellos nos que se adelantaron á contratación.

Toma a palabra novamente o o concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. A gran maioría desas licitacións fixéronse co renting da Xunta e seguro máis rápido máis aquí os funcionarios dixeron que había crédito e se está intentando sacar o expediente do ano 2019.

As 21 licitacións no son as pedentes se non as sacadas.

- “...En día 27 de abril el pleno aprobó la moción del PSDEG PSOE en la que solicitamos se aplique la bonificación del IBI reconocida por la RBRL a las entidades de especial interés. La moción fue debatida y aprobada por el pleno.

A mediados de Octubre el concejal de Hacienda nos ha presentado un informe de secretaria e intervención en el que se resuelve que la exención del impuesto no es competencia del Concello.

¿conoce el concejal de Hacienda del Concello de Mugardos la diferencia entre bonificación y exención en el ámbito fiscal y tributario?.

Resposta o concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá : sí o sabe e a proposta está asinada polas funcionarias con habilitación de carácter nacional. E da lectura ao que se puxo a informar e ás consideración realizadas no informe e indican a forma de levalo a cabo mediante a figura de exención. Non estivo nas dúas sesións máis sí na próxima se dará conta e na que estará a interventora.

Sendo as vinte e una horas e oito minutos do vinte e seis de outubro de dous mil vinte e dous, o Presidente levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e praxe
O alcalde
Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria
Paula E. Ramos Díaz

